CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente en foros literarios		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Emprega tono e actitude axeitadas nas representacións literarias lidas ou interpretadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Expresa emocións coa lectura e audición de textos literarios poéticos e cancións, con relación ao seu contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. - Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Identificación de recursos literarios básicos. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Vou escribir o que me pasa	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un autorretrato breve, con características axeitadas.	PE	82
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Utiliza nunha narración propia un vocabulario axeitado e sen redundancias.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Utiliza as formas verbais de maneira correcta en exemplos comúns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora textos descriptivos modificando formas verbais sen cambiar o significado.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Mellora a redacción de textos de vivencias pesoais logo da súa lectura.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente o b/v en exercicios con vocabulario adecuado.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Transmite aos demais oralmente as súas emocións	TI	18
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Nas descricións persoais recoñece aspectos positivos e negativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. - Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.

Contidos
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Podemos entendernos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Recoñece e comprende distintos tipos de textos.	PE	45
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferenza algunhas categorías gramaticais recoñecendo o verbo.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	55
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expón as súas opinións de xeito fluído.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Participa na comunicación, respetando a quenda.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa coherentemente as súas opinións.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Escoita as opinións alleas.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Acude con regularidade a fontes seguras na procura de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Que pensas ti? Que penso eu? A convivencia.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica linguaxe discriminatoria nun texto escrito.	PE	60
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensible textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate	TI	40
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Demostra capacidade de enriquecer a súa opinión a través dos argumentos doutros compañeiros e compañeiras.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflitos de convivencia.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoa coñecida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral. - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Ler e escribir doutro xeito. Os soportes dixitais.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas.	PE	55
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	45
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan profucir nos medios de comunicación.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.

Contidos

- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social. Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas
 - Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
 - Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades atendendo sempre ao seu nivel de desenvolvemento e respectando os seus ritmos de traballo para favorecer o máximo desenvolvemento das súas potencialidades.
 - Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
 - Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
 - Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai axudar a consolidar o adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas e profundizando nas mesmas.
- Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo de maneira óptima e efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas correspondentes unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o cal, os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

No que se refire á alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) favorecendo un proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida tales como manuais, receitas, prospectos, formularios, etc...

Pola súa parte, o acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Partiremos tamén dos intereses do alumnado en relación aos textos máis actuais e mesmo á música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

Por outra banda, traballaremos na exposición de ideas colectivas ou individuais procurando un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC, traballando con texto, gráficos, imaxes, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado.
Portátil de aula e do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, cos seus fondos e recursos.
Sala de usos múltiples e escenario do salón de actos.
Fontes documentais de internet.
Programas ofimáticos e aplicativos relacionados co proxecto E_dixgal.

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. Farase fincapé na axeitada presentación dos traballos distintos formatos (papel e dixital). A disposición da aula se modificará ao longo dos trimestres e segundo as necesidades para facilita agrupamentos e formación dos equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados cando sexa posible o desenvolvemento curricular nesta área: axudantes de biblioteca, representacións teatrais e outro tipo de producións...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

Para o alumnado que xa estaba no centro, entrevista co profesorado que impartía o curso anterior para a valoración e exame dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior. Alumnado procedente doutro centro solicitarase o expediente e informes do alumno.

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	12	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	45	75	60	45	49	82	45	60	55	57
Táboa de indicadores	55	25	40	55	51	18	55	40	45	43

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

Tarefas realizadas en tempo.

Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.

Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferencias.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control do profesor, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente (exemplo: na UD 1, o 33%).

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as tres unidades didácticas, obterase a media das tres, e darán a nota da avaliación. Valorando dentro de cada unidade aproximadamente un 40% a proba escrita e un 60% táboa de indicadores.

Para cada unidade didáctica empregaremos diferentes tipos de instrumentos de avaliación, deste xeito, podería ser, por exemplo: » 40% proba escrita = 1º exame 15% + 2º exame 25%. » 60% táboa de indicadores = Rúbrica 50% + Escala de observación 10%.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades e necesidades o profesorado de PT/AL.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumando, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

> A dispoñibilidade de profesorado a maiores do titor, atendendo á participación do centro no proxecto PROA. Esta dispoñibilidade ven definida polas necesidades existentes en cada grupo. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

> O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.

> O modelo de traballo de xeito colaborativo permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, no que aqueles que estean en situación de facelo axuden aos que teñan dificultades.

> O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

> O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento.	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X

	UD 9
ET.3 - Educación para a paz.	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	
ET.6 - Educación emocional e en valores.	

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á G-night da USC (primeiro trimestre)	Visita ás actividades de carácter divulgativo realizadas no campus universitario de Ferrolavés da linguaxe.			
Participación nas xornadas de formación de axudantes de biblioteca	Con carácter voluntario o alumnado participa no proxecto de formación de axudantes de biblioteca e inician a súa andaina como tales na propia biblioteca dentro do marco do PLAMBEP para conmemorar o día da biblioteca escolar visita de Antón cortizas con charla sobre tradición, xogos e poesía popular. O			
Participación nas actividades ofertadas polo concello no teatro Jofre	Visita para ver as obras teatrais dentro da programación que organiza o Concello.			

Observacións:

Ao longo do curso, se é posible, haberá diversas actividades de carácter especial, que consistirán nalguna actividade dentro do centro (representacións teatrais, charlas, visitas de autores), saídas a lugares externos (teatros, centros culturais, universidade). Sempre tendo en conta a dispoñibilidade e oferta de cada curso escolar. Participarase tamén en todas as propostas realizadas desde a biblioteca do centro. Aquelas que teñan relación exclusivamente coa aula e as que teñan repercusión na totalidade do alumnado do centro e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).

Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Grao de coordinación co profesorado do ciclo
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Manterase unha coordinación co profesorado do ciclo para a participación en actividades propostas desde os distintos equipos e as propostas por outros organismos. Coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial do grupo, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024938	CEIP de Esteiro	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	39
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	40
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	41

1. Introducción

O CEIP ESTEIRO é un centro situado na zona urbana de Ferrol concretamente no barrio que lle dá nome. Trátase dun barrio que se caracterizou polo seu crecemento ao longo dos últimos anos, construción de novas vivendas e expansión do barrio pola avenida de Esteiro. Está situado preto dos estaleiros que foron o soporte histórico do emprego da cidade e do campus Universitario de Ferrol pertencente a UDC. O centro consta de nove unidades, tres de Educación Infantil e seis de Educación Primaria, aínda que neste curso académico contamos con dúas unidades máis de educación primaria (dado o número de alumnos/as matriculados), continuamos con desdobres no sexto nivel xa iniciados en anos anteriores.

A área de Lingua Estranxeira ten como obxecto primordial conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias, e en especial a competencia en comunicación lingüística, social e cívica, aprender a aprender, etc, de xeito que consiga formar persoas que sexan capaces de empregar a lingua oral e escrita nun contexto comunicativo significativo. Este contexto será limitado ao comezo da Educación Primaria, pero irá ampliando o seu espectro, ata conseguir que o alumnado sexa capaz de comunicarse nas distintas destrezas lingüísticas (speaking, listening, reading e writing) en situacións diversas.

Contextualización: O grupo de 5º de E.P. ten a seguinte composición: [EP5] 25 alumnos/as (8 nenas e 17 nenos).

O nivel do alumnado é heteroxéneo, presentando un grupo de alumnado dificultades que precisan de atención e reforzo.

A lingua materna e a do contorno predominante é o castelán, aínda que a nivel de centro o profesorado utiliza como lingua vehicular o galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Welcome	Aprender a falar sobre o lugar onde vivimos. Aprender a entender e dicir a hora. Recoñecer palabras coñecidas en frases, oracións e textos. Participar en intercambios sociais en inglés: expresar rutinas diarias. Reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe.	10	15	X		
2	Exploring wildlife	Aprender a nomear animais salvaxes. Aprender a realizar comparacións. Recoñecer palabras coñecidas en frases, oracións e textos. Distinguir e pronunciar correctamente os sons /æ/ e /eɪ/. Participar en intercambios sociais en inglés:	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Let's celebrate	<p>Participar en intercambios sociais en inglés: pedir aclaracións e comprobar a comprensión.</p> <p>Reflexionar sobre un valor: apreciar a historia dos festivais.</p> <p>Aprender a celebrar diferentes festividades.</p> <p>Crear e presentar á clase un póster sobre un festival internacional.</p> <p>Reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Learning experience 2: Making a poster for a sustainable challenge festival</p>	10	13		X	
6	Being kind	<p>Aprender a nomear actividades para axudar á xente.</p> <p>Aprender a preguntar e responder sobre o pasado.</p> <p>Recoñecer palabras coñecidas en frases, oracións e textos.</p> <p>Distinguir e pronunciar correctamente a pronuncia da terminación -ed do pasado simple (/t/, /d/ e /ɪd/).</p> <p>Participar en intercambios sociais en inglés: pedir e dar razóns.</p> <p>Reflexionar sobre un valor: axudar ás nosas comunidades.</p> <p>Aprender a axudar ás nosas comunidades.</p> <p>Crear e presentar á clase un muro da amabilidade.</p> <p>Reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe.</p>	10	13			X
7	Our important places	<p>Aprender a nomear actividades de vacacións.</p> <p>Aprender a preguntar e responder sobre o futuro.</p> <p>Recoñecer palabras coñecidas en frases, oracións e textos.</p> <p>Distinguir e pronunciar correctamente os sons /sp/ e /st/.</p> <p>Participar en intercambios sociais en inglés: mostrar acordo e desacordo.</p> <p>Reflexionar sobre un valor: o ecoturismo.</p> <p>Aprender sobre o ecoturismo.</p> <p>Crear e presentar á clase un folleto turístico.</p> <p>Reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Learning experience 3 ¿ Making a postcard</p>	10	13			X
8	Goodbye	<p>Repaso dos elementos traballados ao longo dos trimestres.</p>	20	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Festivals	Proxectos adicados ás conmemoracións e festividade de interese coa LE.	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Welcome	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes.	PE	25
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Usar estratexias para producir textos breves.		
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	TI	75
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

Neste curso a metodoloxía estará integrada no Proxecto E-DIXGAL, de maneira cos alumnos non terán libro de texto en formato papel, e traballarán co libro dixital como ferramenta de apoio no aula. Esta ferramenta dixital será complementada co uso da libreta de clase como soporte para realizar esquemas cos contidos máis importantes do uso da lingua e a realización de exercicios escritos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.

12. Cancións e rimas.

13- Actividades DUA.

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 6º.

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-Whats missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

- + Canva: https://www.canva.com/es_419/
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12-Permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica que resulta motivadora a todos os niveis.

13-Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para determinar o grado de competencia do alumnado realizarase unha avaliación inicial e terase en conta a avaliación final levada a cabo no curso anterior para determinar as necesidades de partida.

Durante a primeira semana de curso realizaranse actividades de repaso que permitirán valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área (unidade de introdución-Welcome), onde se avaliarán as catro destrezas da lingua (listening, speaking, reading e writing).

Na primeira quincena do curso realizarase una proba escrita de avaliación inicial sobre os contidos mínimos esixidos no curso anterior.

Esta proba servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo. As medidas a tomar son prestar especial reforzo ao bloque/s que presenten unha maior dificultade, así como reforzar ao alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas de atención á diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	20	10	100
Proba escrita	25	45	45	45	45	45	45	45	0	38
Táboa de indicadores	75	55	55	55	55	55	55	55	100	62

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación permiten establecer unha nota de 1 ao 10 nas distintas avaliacións (1ª, 2ª, 3ª e ordinaria) agrupando os criterios de avaliación segundo o procedemento, o seu correspondente instrumento de avaliación e a porcentaxe dentro da materia dese proceso-instrumento de avaliación.

Todos estes elementos resultarán nunha cualificación trimestral e final do alumnado que determinará a súa promoción.

A distribución destes criterios de cualificación é:

Procedemento-Instrumento de avaliación-Portaxaxe

Análise das producións dos alumnos - Producións orais - 20%

Intercambios orais cos alumnos - Postas en común - 5%

Observación sistemática - Diario de clase - 5%

Análise das producións dos alumnos - Caderno de clase - 25%

Probas específicas - Proba obxectiva - 45%

A final de curso emitirase unha cualificación das competencias clave tendo en conta a contribución de cada unha das áreas.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Apoios e reforzos educativos, serían as medidas a adoptar.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.

- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...

- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación) con fichas de reforzo e /ou ampliación.

- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X						
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos e a violencia escolar	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - O medioambiente			X	X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Consumo responsable						X	X	
ET.6 - Educación para a saúde		X	X	X				
ET.7 - A inclusión como motor de convivencia	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	
ET.2 - Os dereitos da Infancia	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos e a violencia escolar	
ET.4 - O medioambiente	
ET.5 - Consumo responsable	
ET.6 - Educación para a saúde	
ET.7 - A inclusión como motor de convivencia	X

Observacións:

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución, polo que nas distintas unidades poderán confluír varios aspectos transversais ao mesmo tempo ou incluso ser traballados nun momento determinado pola súa importancia ou actualidade con respecto ao grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, día da música, día da interculturalidade, día do peón, etc...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving, pancake Day....	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE que ademáis coincidirán coa unidade 9 adicada ás festividadeas. Esta unidade permite ao alumnado valorar os aspectos culturais da súa lingua e comparalos coa estranxeira.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Presento e propoño un plan de traballo antes de cada unidade ou proxecto.
Propoño situacións introductorias previas ao tema que se vai tratar.
Nas actividades e exercicios que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e os traballos en grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto suxerencias e aportacións.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Utilizo diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, boletín de información, reunións colectivas, entrevistas individuais, asambleas de clase...) dos resultados de avaliación.

Descrición:

Os indicadores de logro serán avaliados polo docente ao finalizar cada trimestre co fin de axustar aqueles parámetros que precisan modificacións (tempos, agrupamentos, unidades, etc).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da práctica docente realizarase en cada UD de traballo, analizando unha serie de indicadores que nos permitirán observar a evolución da programación e os posibles cambios que teñamos que ir introducindo segundo as características do grupo.

O cadro cos elementos a avaliar son:

- Programación didáctica [Non se adecúa ó contexto da aula / Adecúase parcialmente ó contexto da aula / Adecúase completamente ao contexto da aula].
 - Medidas de atención á diversidade [Non se adoptaron medidas axeitadas / Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar / Adoptáronse as medidas axeitadas].
 - Obxectivos da área [Non se alcanzaron / Alcanzáronse parte dos obxectivos / Alcanzáronse plenamente].
 - Competencias clave [Non se desenvolveron a maioría das competencias relacionadas coa área / Desenvolvéronse parte das competencias / Desenvolvéronse as competencias clave].
 - Práctica docente [A práctica docente non foi satisfactoria / Foi parcialmente satisfactoria / Foi moi satisfactoria].
- *Expresar as razóns.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024938	CEIP de Esteiro	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura de 5º de primaria.

Para a elaboración desta programación didáctica partiremos do DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Situámonos, no noso caso, no CEIP ESTEIRO, un centro situado na zona urbana de Ferrol, concretamente no barrio que lle dá nome. Trátase dun barrio que se caracterizou polo seu crecemento ao longo dos últimos anos, construción de novas vivendas e expansión do barrio pola avenida de Esteiro. Está situado preto dos estaleiros que foron o soporte histórico do emprego da cidade e do campus Universitario de Ferrol pertencente a UDC. O centro consta de nove unidades, tres de Educación Infantil e seis de Educación Primaria e conta con 204 alumnos e alumnas. En canto ao grupo ao que se refire esta programación, 5º de educación primaria, cómpre dicir que se trata dun grupo heteroxéneo de 25 alumnos/as, concretamente 8 nenas e 17 nenos. Deste alumnado cómpre destacar que hai varios alumnos/as que reciben apoio por parte do profesorado de PT e AL e se solicitou intervención por parte do departamento de orientación.

Neste curso os equipos portátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado no entorno EDIXGAL, un contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e aqueles aportados por parte do equipo de mestres do nivel que serán ademais complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula ou biblioteca, xa que contamos tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como a biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se pode facer representacións teatrais.

Centrámonos neste caso na área de Lingua e Literatura Galega, a cal destaca polo seu carácter instrumental como elemento esencial da comunicación. Deste xeito, unha boa competencia lingüística e comunicativa permitirá que o noso alumnado se desenvolva dun xeito óptimo no seu día a día podendo interactuar tanto cos iguais que pertencen á súa contorna como con aqueles cós que se teña que comunicar a distancia.

Centrándonos na propia área de Lingua Galega e Literatura, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen a súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS/AS NENOS/AS ENTRE 0 A 12 ANOS DESENVOLVEMENTO FÍSICO E MOTOR

Nalgúns alumnos/as manifestarase unha consolidación do equilibrio motor acadado e outros comezaran os procesos característicos da puberdade que se materializan nos cambios morfolóxicos consecuencia da actividade hormonal: crecemento, aumento da musculatura, etc.

En canto ás habilidades motoras, os rapaces e as rapazas son practicamente iguais nas súas aptitudes físicas.

Na maioría das actividades físicas que se realizan durante a preadolescencia o sexo non é tan importante como a idade e a experiencia polo tanto, as diferenzas individuais derivanse da experiencia e do adestramento así como da herdanza de cada persoa. No que si hai diferenza é na aparición dos cambios anatómicos e fisiolóxicos, que ao fin da etapa comezan a aparecer. O ritmo evolutivo fai que as rapazas comecen a dar o estirón aos 11 anos, que se prolonga ata os 13-14. Nos rapaces, sen embargo, este proceso non terá lugar ata os 13 anos aproximadamente.

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

En canto á relación cos adultos: proxenitores e mestres/as poden ser xulgados criticamente. Isto é debido en parte ás novas adquisicións cognitivas que comezan a manifestarse (certa apertura ao pensamento formal), o que lles

permite establecer algunhas hipóteses sinxelas e contrastalas.

Na casa xa non son tan condescendentes e dóciles á hora de botar unha man e colaborar. Os pais deben ter comprensión paciencia e actitudes de diálogo, ofrecendo razóns e explicacións pero sendo esixentes cos seus fillos para que cada cal asuma súa parte de responsabilidade, buscando así un equilibrio entre a amabilidade e a firmeza.

Relación cos compañeiros: o círculo de amizades cobra unha gran importancia nesta etapa na que os grupos comezarán a facerse mixtos e poderán verse afectados ao xurdir as comparacións entre sí e o desenvolvemento físico deste período, xa que ditas relacións se basean, en parte, na aparencia e na competencia física.

O grupo de compañeiros/as é probablemente o sistema que maior influencia exerce sobre os rapaces e rapazas nesta idade. Cada vez se fan máis dependentes dos seus compañeiros/as, non só para gozar da súa compañía, senón tamén para a autovalidación e para recibir consellos. Deste xeito, a amizade torna a ser como un foro no que é posible abrirse ao outro agardando que esa intimidade se corresponda.

Esixen máis dos seus amigos/as, cambian menos a miúdo de círculo e atopan maiores dificultades para facer novas amizades, ademais de sentirse máis afectados/as cando algunha destas relacións sofre danos. Á idade de 10 anos os nenos/as moitas veces teñen un mellor amigo a quen lle son bastante leais; isto adoita ser máis aparente nas rapazas. Cada vez hai maior preocupación polas persoas ás que non coñecen persoalmente, o que lles leva a participar en condutas prosociais como as de axudar aos menos afortunados, etc.

DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL

Consolidan as operacións lóxico-concretas e das características dos cursos anteriores.

Desenvólvese amplamente a capacidade de síntese, de extracción de características, de abstracción que lle permitirá ao neno/a precisar e disociar calidades dos obxectos e fenómenos e que marca xa a transición cara a lóxica formal.

O pensamento é máis sistemático e ordenado e, ao tempo, máis flexible, dado que a conservación da orde dos datos e a seguridade que isto proporciona permítelle, en ocasións, transcender eses datos e actuar mentalmente de forma máis rápida.

Existen neste período cambios funcionais na capacidade de procesamento e estes cambios poden ser debidos a unha mellora na eficacia operacional, nas estratexias que utiliza o suxeito e no coñecemento que posúe da tarefa.

Cambios Cognitivos (intelectuais) que se producen: ten maior capacidade para pensar sobre o seu propio pensamento (metacognición). O alumno é capaz ao realizar unha tarefa de observar os seus propios procesos o de reflexionar sobre eles.

Pode ir controlando os seus propios mecanismos de aprendizaxe e permitindo, por tanto, que o neno/a aprenda a aprender.

O neno/a vai facéndose máis consciente das súas capacidades e limitacións cognitivas e adquirindo paulatinamente un maior control e planificación da súa actividade, froito da interacción social e comunicativa cos adultos.

Son máis conscientes dos seus puntos fortes e débiles intelectuais.

Identifican tarefas difíciles e dedican un maior esforzo facendo unha avaliación do seu propio progreso.

Utilizan máis recursos para planificar e usar as súas aptitudes: saben que para pensar ben hai que ter en conta todos os datos, planificar formular hipóteses alternativas.

Lembran máis elementos de información. Hai un desenvolvemento das habilidades selectivas de atención e de memoria; ademais de utilizar a repetición para memorizar, comeza a agrupar a información en categorías coa fin de poder lembrala mellor

Comezan a darse conta tamén da importancia das estratexias de recuperación da información. Pensan en pistas para estimular a memoria.

Aumenta a velocidade e a capacidade de procesar a información. Isto é debido tamén ao aumento do uso de estratexias, por exemplo: na lectura pasan de aprender a ler a ler para aprender. Coa necesidade por tanto de desenvolver unhas estratexias que lles permitan realizar estas tarefas cunha certa eficacia.

DESENVOLVEMENTO LINGÜÍSTICO

O alumno, no seu desenvolvemento lingüístico, presenta un maior control da comprensión e do uso da linguaxe.

A sintaxe faise máis complexa. Compréndense as formas sintácticas da voz pasiva. Dominio de conceptos gradualmente máis abstractos. Ampliación da comprensión da linguaxe e conceptos matemáticos (números romanos, sistemas de medida, decimais, fraccións, gráficos estatísticos, xeometría, planos e mapas e as súas escalas, etc.).

Os cambios corporais repercuten en certos desaxustes motores (expresión corporal, escritura, plástica, etc.).

En síntese, o alumno/a ao rematar esta etapa está aberto a novos ámbitos de experiencia e posibilidades comunicativas. A linguaxe verbal intervén de forma decisiva neste proceso pois constitúe o instrumento básico do pensamento e a regulación da propia conduta e de intercambio social.

Estes trazos son bastantes comúns, podendo aparecer en maior ou menor grado en cada alumno/a. Os mestres debemos esforzarnos en coñecer a cada alumno/a individualmente para adecuar as formulacións didácticas ás súas necesidades e facilitarlle así a consecución dos obxectivos programados.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Falamos e coñecémonos!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.) Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, telefónica, videoconferencia... Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa e dixital... Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, uso de maiúsculas/minúsculas.	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Investigamos.	Diversidade lingüística (distintas formas do galego) Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (escoitar, respectar quendas, intervir cando corresponda). Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instructivos (manuais, guías, prospectos...) Sustantivo, prefixo, normas de acentuación, ditongos.	11	16	X		
3	Creamos cousas novas!	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais (expositivos, instructivos, debates). Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos (literarios, de opinión, descritivos...) Elaboración de textos expositivos multimodais que supoñen procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos, prefixos, sufixos, hiatos.	11	16	X		
4	Así me sinto.	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes (artigo, posesivo, demostrativo) Normas de uso cc/ct.	12	15		X	
5	A beleza da lingua.	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética, métrica e rima. A linguaxe poética, ritmo, emocións e recursos literarios. Pronomes. Coma e punto.	11	15		X	
6	Así son eu.	Expresión de vivencias persoais. As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. O verbo, raíz e desinencias. Uso de "b" e "v".	11	16		X	
7	Argumentamos e respectámonos.	O debate como forma ordeada de intercambio de ideas, con respecto polas diferentes opinións, Textos argumentativos, informativos e de opinión. O verbo (conxugación, número e persoa.) Os xentilicios	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Somos reporteiros e reporteiros.	O debate (xogo de roles e asimilación da postura contraria). A entrevista (interacción coa persoa entrevistada) A entrevista (preparación previa e redacción) O verbo (tempo, modo e forma). Uso da "x" e "s". Aumentativos e diminutivos.	11	15			X
9	Os medios de comunicación	A comunicación oral por medios dixitais (radio e TV). A prensa escrita nos distintos soportes. Información sobre asuntos inmediatos. Palabras invariables: preposicións, adverbios, conxuncións. Palabras compostas. Uso de ":", ";" e "..."	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Falamos e coñecémonos!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un texto breve instructivo de forma comprensiva.	PE	40
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros e compañeiras con lingua materna diferente	TI	60
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Investigamos.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece o galego, o castelán e o inglés en textos escritos.	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais comparadas con conversas docente/discente.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os sustantivos nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece a totalidade dos sustantivos dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou coa axuda do dicionario.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Recoñece nas conversas os interlocutores e interlocutoras en galego.		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuizos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, prequestionar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Expresa a súa opinión en conversas grupais de maneira activa.		
		TI	27

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.
- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Procesos: interacción oral.
 - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
 - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: produción oral
- Contexto
 - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Procesos: comprensión lectora
 - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
 - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
 - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
 - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
 - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
 - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
 - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
 - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Creamos cousas novas!	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas	PE	52
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabra clave en textos breves		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adxectivos		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece en textos os nomes e adxectivos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase	TI	48
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CEIP ESTEIRO que é un centro situado na zona urbana de Ferrol concretamente no barrio que lle dá nome. Trátase dun barrio que se caracterizou polo seu crecemento ao longo dos últimos anos, construción de novas vivendas e expansión do barrio pola avenida de Esteiro. Está situado preto dos estaleiros que foron o soporte histórico do emprego da cidade e do campus Universitario de Ferrol pertencente a UDC. O centro consta de nove unidades, tres de Educación Infantil e seis de Educación Primaria. En canto o grupo ao que se refire esta programación quinto de educación primaria, cómpre dicir que é un grupo heteroxéneo de 25 alumnos/as. Deste alumnado cómpre destacar que hai varios alumnos/as que reciben apoio por parte do profesorado de PT e AL e se solicitou intervención por parte do departamento de orientación.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 204 alumnos e alumnas.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS/AS NENOS/AS ENTRE Q0 E 12 ANOS

DESENVOLVEMENTO FÍSICO E MOTOR

Nalgúns alumnos/as manifestarase unha consolidación do equilibrio motor acadado e outros comezaran os procesos característicos da puberdade que se materializan nos cambios morfolóxicos consecuencia da actividade hormonal: crecemento, aumento da musculatura, a figura faise máis redonda, primeiros signos de vello.

En canto ás habilidades motoras, os rapaces e as rapazas son practicamente iguais nas súas aptitudes físicas, agás na maior forza que teñen os rapaces no antebrazo e a maior flexibilidade xeral que teñen as rapazas.

Na maioría das actividades físicas que se realizan durante a preadolescencia o sexo non é tan importante como a idade e a experiencia polo tanto, as diferenzas individuais derívanse da experiencia e do adestramento así como da herdanza de cada persoa.

No que si hai diferenza é na aparición dos cambios anatómicos e fisiolóxicos, que á fin da etapa comezan a aparecer. O ritmo evolutivo fai que as rapazas comencen a dar o *žestirónž* aos 11 anos e se prolongue ata os 13-14.

Nos rapaces, sen embargo, este proceso non terá lugar ata os 13 anos aproximadamente.

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

Relación cos adultos: pais profesores poden ser xulgados criticamente. Isto é debido en parte ás novas adquisicións cognitivas que comezan a manifestarse (certa apertura ao pensamento formal). Isto permítelles establecer algunhas hipóteses sinxelas e contrastalas.

En casa xa no son tan condescendentes e dóciles á hora de botar unha man e colaborar. Os pais deben ter comprensión paciencia e actitudes de diálogo, ofrecendo razóns e explicacións pero sendo esixentes cos seus fillos para que cada cal asuma súa parte de responsabilidade.

Relación cos compañeiros: os amigos teñen gran importancia, os grupos comezarán a facerse mixtos, pois dominan as normas do grupo homoxéneo e, ademais, van aparecendo os intereses sexuais.

Compáranse entre si e o desenvolvemento físico durante este período pode afectar ao tema das amizades, que en parte se basean na aparencia e na competencia física.

O grupo de compañeiros é probablemente o sistema que maior influencia exerce sobre os nenos nesta idade. Cada vez se fan máis dependentes dos seus compañeiros, non só para gozar da súa compañía, senón tamén para a autovalidación e para recibir consellos.

Cada vez consideran máis a amizade como un foro no que é posible abrirse ao outro e esperan que esa intimidade se corresponda.

Existen máis dos seus amigos, cambian menos a miúdo de amigos e atopan maiores dificultades para facer novas amizades, ademais de afectar máis cando se rompe unha amizade. Vanse volvendo máis esixentes para buscar amigos e os seus grupos se reducen cada vez máis. Á idade de 10 anos os nenos/as moitas veces teñen un *¿mellor¿* amigo a quen lle son bastante leais; isto adoita ser máis aparente nas rapazas.

Cada vez hai maior preocupación polas persoas ás que non coñecen persoalmente, o que os leva a participar en condutas prosociais como as de axudar aos menos afortunados, etc.

DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL

Consolidan as operacións lóxico-concretas e das características dos cursos anteriores.

Desenvólvese amplamente a capacidade de síntese, de extracción de características, de abstracción que lle permitirá ao neno/a precisar e disociar calidades dos obxectos e fenómenos e que marca xa a transición cara a lóxica formal.

O pensamento é máis sistemático e ordenado e, ao tempo, máis flexible, dado que a conservación da orde dos datos e a seguridade que isto proporciona permítelle, en ocasións, *¿transcender¿* eses datos e actuar mentalmente de forma máis rápida.

Existen neste período cambios funcionais na capacidade de procesamento e estes cambios poden ser debidos a unha mellora na eficacia operacional, nas estratexias que utiliza o suxeito e no coñecemento que posúe da tarefa.

Cambios Cognitivos (intelectuais) que se producen:

ten maior capacidade para pensar sobre o seu propio pensamento (metacognición). O alumno é capaz ao realizar unha tarefa de observar os seus propios procesos o de reflexionar sobre eles.

Pode ir controlando os seus propios mecanismos de aprendizaxe e permitindo, por tanto, que o neno/a *¿aprenda a aprender¿*.

O neno vai facéndose máis consciente das súas capacidades e limitacións cognitivas e adquirindo paulatinamente un maior control e planificación da súa actividade, froito da interacción social e comunicativa cos adultos.

Son máis conscientes dos seus puntos fortes e débiles intelectuais.

Identifican tarefas difíciles e dedican un maior esforzo facendo unha avaliación do seu propio progreso.

Utilizan máis recursos para planificar e usar as súas aptitudes: saben que para pensar ben hai que ter en conta todos os datos, planificar formular hipóteses alternativas.

Lembran máis elementos de información. Hai un desenvolvemento das habilidades selectivas de atención e de memoria; ademais de utilizar a repetición para memorizar, comeza a agrupar a información en categorías coa fin de poder lembrala mellor

Comezan a darse conta tamén da importancia das estratexias de recuperación da información. Pensan en pistas para estimular a memoria.

Aumenta a velocidade e a capacidade de procesar a información. Isto é debido tamén ao aumento do uso de estratexias, por exemplo: na lectura pasan de aprender a ler a *¿ler para aprender¿*. Coa necesidade por tanto de desenvolver unhas estratexias que lles permitan realizar estas tarefas cunha certa eficacia.

DESENVOLVEMENTO LINGÜÍSTICO

O alumno, no seu desenvolvemento lingüístico, presenta un maior control da comprensión e do uso da linguaxe.

A sintaxe faise máis complexa. Compréndense as formas sintácticas da voz pasiva. Dominio de conceptos gradualmente máis abstractos. Ampliación da comprensión da linguaxe e conceptos matemáticos (números romanos, sistemas de medida, decimais, fraccións, gráficos estatísticos, xeometría, planos e mapas e as súas escalas, etc.).

Os cambios corporais repercuten en certos desaxustes motores (expresión corporal, escritura, plástica, etc.).

En síntese, o alumno/a ao rematar esta etapa está aberto a novos ámbitos de experiencia e posibilidades comunicativas. A linguaxe verbal intervéñe de forma decisiva neste proceso pois constitúe o instrumento básico do pensamento e a regulación da propia conduta e de intercambio social.

Estes trazos son bastantes comúns, podendo aparecer en maior ou menor grado en cada alumno/a. Os mestres debemos esforzarnos en coñecer a cada alumno/a individualmente para adecuar as formulacións didácticas ás súas

necesidades e facilitarlle así a consecución dos obxectivos programados.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hábitos saudables: alimentación	Unidade na que recabarán información dos hábitos saudables en diferentes soportes.	30	10	X		
2	Os alimentos, de que están compostos?	Unidade na que elaborarán un dossier informativo con información tomada das pescudas realizadas polas redes sobre os distintos alimentos, realización de debuxos esquemáticos e fotografías así como gráficas da composición de alimentos.	35	15		X	
3	A comer! Dieta equilibrada	Presentación do produto final.	35	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hábitos saudables: alimentación	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da alimentación saudable.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Os alimentos, de que están compostos?	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A comer! Dieta equilibrada	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.	TI	100
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Alimentación saudable".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar información sobre os hábitos de vida saudable relacionados coa alimentación.

Realizaran traballos de pescuda de hábitos saudables

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, traballan diferentes grupos de alimentos. Buscan información sobre distintos aspectos:

- Composición
- Propiedades
- Datos
- Curiosidades

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado elaborará por grupos, o seu produto final. Un cartafol informativo e presentación do seu traballo, que poderá ser ou non en formato dixital. Expoñerán toda a información atopada.

O proxecto poderá ser difundido no resto do centro

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (alimentos de diferentes países, evolución da alimentación ao longo da historia...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación Física

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Ordenador (ultraportatil do alumnado E_dixgal)
Material funxible
Páxinas web

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Os espazos comúns que se utilizarán serán a biblioteca, o museo de xogos populares e a aula de usos múltiples.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación

levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan os distintos hábitos saudables relacionados coa alimentación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Cartafol informativo e presentación dixital.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

Profesorado PROA este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.

O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado en disposición de facelo poida axudar ao que amose dificultades.

O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e

moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a. O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade nas tarefas organizativas aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización dun dossier	Para elaboralo empregaremos recursos dixitais (Edixgal, páxinas web...) e analóxicos.		X	
Día do deporte como hábito saudable	Xuntanza levado a cabo nas últimas semanas de clase na que se nsalza o deporte en xeral e o xogo popular e tradicional en particular. Levada a cabo todos os anos no centro escolar.			X
Visita a un mercado	Saídas que soen ofertar tanto o mercado de abastos da cidade como diferentes supermercados.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024938	CEIP de Esteiro	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E. Primaria do CEIP de Esteiro. Este é un centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, situado no concello Ferrol. Impartense ensinanzas de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e de Educación Primaria. Ten servizo de comedor e está instaurada a xornada única con un horario de 9 a 14 horas, levándose a cabo actividades extraescolares polas tardes de 4 a 5:30.

A lingua vehicular na clase de relixión será o castelán aínda que nalgún momento se visualicen producións en galego ou se cante algunha canción, panxoliña, ou se aprenda algunha adiviña.

No colexio hai unha aula específica para relixión.

O horario da materia é de unha sesión semanal de 50 minutos.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal, a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e os aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI. Dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de

desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expoñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1	2			1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O amor aos demais.	O compromiso cristiano co mundo e as súas necesidades. Traballaremos a Creación desde a perspectiva dun mundo en igualdade de condicións para todos onde prime o respecto polas persoas como dereito fundamental do ser humano. Dialogar sobre as distintas posibilidades de actuación ao noso alcance, fronte as necesidades das persoas.	14	5	X		
2	Camiños de felicidade.	Identificar a Xesús como modelo de amor cristiano. Enumerar os comportamentos que xeneran as bienaventuranzas e a apreciación dos valores. Desenrolo de actitudes de sensibilización ante os demais. Participamos en accións solidarias e de servizo á comunidade. Xesús e os leprosos. Xesús e Zaqueo. O rei David.	14	5	X		
3	Xesús nace. Celebramos o Nadal.	Importancia do Nadal. Interpretar o significado do arte relixioso e diferenciar as festas civís das festas cristiáns. Os reis Magos. Elaboración de manualidades propias destas datas (Belen, campás, etc.) Obra de teatro	18	6	X		
4	A miña familia. A familia de Xesús.	Lazos de amor. Reflexionar sobre situacións. Compromiso e responsabilidade do ser humano. El Mandamiento del Amor.	14	5		X	
5	Celebramos a vida. A Semana Santa. A Pascua.	A Última Cea. A Eucaristía. O Mandamento do Amor. Orixen da festa de Pascua. Os apóstolos testigos da resurrección. A beleza do perdón	14	5		X	
6	Unidos no servizo aos demais. A Igrexa.	A miña parroquia. As primeiras comunidades cristianas. Interculturalidade. Reflexionamos sobre o principio de ética cristiá na contorna social e virtual	14	5			X
7	Perdoar é amar.	Xesús ensina a perdoar. Os Sacramentos. Escribir un código de comportamentos para unha boa convivencia..Dramatizar situacións de perdón. Finaliza o curso, expresión de alegría coas festas e os amig@s!	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O amor aos demais.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	PE	16
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	TI	84
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
2	Camiños de felicidade.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	PE	14
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	86
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliñas, obras de teatro)		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo máis humano e igualitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús nace. Celebramos o Nadal.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes máis importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinalizadas. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
4	A miña familia. A familia de Xesús.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta	PE	15
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	TI	85
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Coa análise e reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.

UD	Título da UD	Duración
5	Celebramos a vida. A Semana Santa. A Pascua.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes máis importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidos no servizo aos demais. A Igrexa.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica	PE	16
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	84
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Coa análise e reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
7	Perdoar é amar.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo e desde a responsabilidade		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común na aula e patios do cole		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - O Credo da Igrexa católica. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas poñéndome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir retos.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicandoo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos. Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula.

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión os alumnos/as iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Que sexa moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte. O mesmo tempo propoñerei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición

explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros/as, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

= Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

= Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

= Tratarei de fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar a súa autonomía

= Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

= Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, "Enseño básico" sinalase: "Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe"

b) O AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS/AS

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso tras a recuperación da pandemia por Covid-19, estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, seguindo o indicado nos protocolos COVID, se os seguise a haber, e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito amosarase a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais.
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinalase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

= Material específico e convencional da aula: Mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula. etc.

= Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes bíblicos, xogos de cartas, parábolas en láminas de cores, etc.

= Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información: ordenador con conexión a internet, Biblia infantil, CDs, páxinas web, xogos informáticos, aula virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamento.

= Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñan a súa disposición. Podemos clasificalo en natural (o que recolleamos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E tamén, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educación para o consumo e a educación ambiental) Exemplo: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar os seus propios xogos ou adornos.

= Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

= Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

= Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e vállome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line, preguntas curtas, etc.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E tamén, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	18	14	14	14	12	100
Proba escrita	16	14	0	15	0	16	0	9
Táboa de indicadores	84	86	100	85	100	84	100	91

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos de observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas, etc. segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- a) Parte actitudinal 45%
- Aproveitamento do tempo.
 Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.
 Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
 Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual.

Análise das producións individuais..... 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas) 32%

Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital)

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula..... 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de "avaliación continua", como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a se avalía constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a tamén a final.

Cráterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas, actividades en edixal, con propostas sinxelas de reforzo, etc.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaréi axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis

complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X		X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes elementos transversais que serán eixes vertebradores de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- = Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero. Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- = Igualdade entre mulleres e homes.
- = Comunicación audiovisual e TIC. Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- = Competencia dixital
- = O fomento da creatividade no alumnado
- = Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- = Educación moral e para a Paz. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.
- = Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- = Expresión oral e escrita, positivas.
- = Fomentarase o espírito científico, e o emprendemento
- = Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- = Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- = Educación emocional e en valores.
- = Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e o compañeirismo, a amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familias, o compartir, o axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Confeccionar un libro coa historia dos Magos de Oriente.	Entre todos o alumnos confeccionaran un libro para a biblioteca de aula sobre os Magos de Oriente (utilizaremos diferentes materiais como lanas, follas, plastilina, etc.)			
Un Belén para decorar a clase.	Se nos é posible será dentro de unha cabaza valeira. Faremos as figuras de Xosé, María e Xesús adaptadas ao tamaño da cabaza.			
Lecturas de algún personaxe bíblico.	Saídas ao campo do redor do colexio cando o tempo no lo permita para poder leer alguha historia da Biblia.			
Decorar ovos de Pascua	Traer ovos cocidos da casa e decoralos con diferentes técnicas (rotuladores permanentes, pintiras de dedos, alkil, purpurina, pintura afilada, etc)			

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5 bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Traballo en equipo con outros mestres/as
Emprego de ferramentas TIC
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Tento facer clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Implico as familias
Utilizo medidas de atención á diversidade
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- = Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- = Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- = Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- = Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- = Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a miña propia actuación como mestra de Relixión.

**Avaliación da programación:

- ¿Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?
- ¿Que é o que mellor funcionou en esta unidade?
- ¿Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? e ¿Por que?

** Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a programación en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos. Levarase a cabo en tres momentos:

- Inicial para comprobar coñecementos previos e o momento evolutivo do alumno/a.
- Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.
- E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de ensinanza - aprendizaxe que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

** Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos

en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

** Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo, etc.

** Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais)

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
- Traballo cooperativo
- Manualidades, pasatempos
- Xogos de mesa, de creatividade, etc.
- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, edixgal.

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdóticos, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a durante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaremos no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de ensinanza/aprendizaxe de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua, levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

** O seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada unidade didáctica. Data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións, coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de ciclo de E.P.

** E os instrumentos xa sinalados para cada unidade didáctica: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

a) Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

b) Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais.

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación.

c) Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

d) Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
- Aos alumnos.
- Ás familias.

e) Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados